



CICLO MULLERES GALEGAS CONFERENCIA

“O legado de Dorothe Schubarth na tradición galega”

a cargo de **SABELA OLIVARES**

XOVES 14 DE DECEMBRO DE 2023 - 20:00 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o **xoves 14 de decembro de 2023**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, ás **20:00** horas, unha **CONFERENCIA** titulada “**O LEGADO DE DOROTHÉ SCHUBARTH NA TRADICIÓN GALEGA**”, que será impartida por **SABELA OLIVARES**, Titulada Superior de Música. Presentará o acto **MARISA BARREIRO**, presidenta do **IESCHA**.

Esta será a **novena conferencia** correspondente ao ciclo **MULLERES GALEGAS**, poñendo colofón ao mesmo no que atinxe ao presente ano 2023.

O ciclo mencionado programouse polo IESCHA para levar a cabo durante todo este ano 2023. A primeira tivo lugar no mes de xaneiro e correu a cargo de GERMÁN CASTRO que nos falou da científica galega ÁNGELES ALVARIÑO; a segunda, no mes de marzo, foi impartida por VANESA SISO e levaba por título: “*A cousificación e mercantilización do corpo das mulleres. Revisión das cantigas de tradición oral*”; a terceira, no mes de abril, impartida por LUZ DARRIBA co título “*Para reter a auga. Conversas ao redor de María Casares*”; a cuarta, a cargo de RICARDO POLÍN, no mes de maio, titulada “*A que fía, ama e ora. Estampas da muller tradicional na literatura de costumes (e no gravado antigo)*”, a quinta, no mes de xuño, impartida por MARTA COLLAZO “*Achegas feministas no itinerario de exeria*”, a sexta, no mes de setembro, versou sobre a

figura de “Juana de Vega”, e correu a cargo de XOSÉ RAMÓN VEIGA ALONSO, ANA CABANA IGLESIA E MARTA VEIGA IZAGUIRRE; a sétima, no mes de outubro, co título de “Tralas pegadas da Vella. O recordo no folclore da Gran Deusa Prehistórica”, impartida por LIDIA MARIÑO, e a oitava, no mes de novembro, impartida por CRIS FELPETO, que falou sobre “A violencia contra a muller na obra das escritoras galegas”.

SABELA OLIVARES RIVAS

Titulada Superior de Música na especialidade de instrumentos da música tradicional e popular. (...)

Nacida en Vigo en 1981 adícase profesionalmente á música como intérprete e docente dende os 19 anos. Amplía a súa formación académica participando en distintos cursos e seminarios relacionados coa musicoterapia, a pedagogía musical activa e a técnica instrumental.

Dende o ano 2004 participa como intérprete e compositora en diferentes proxectos musicais coa gravación de varios traballos discográficos: A Compañía do Ruído (2005), Chuvia 06 (2006), Música e Patacas (2008), Había de Chover Merda (2010), Pensares Galegos (2013), A Cuadrilla da Fonte Navegante (2015), O Punchi Must Go On (2018).

Na actualidade é integrante do grupo BOROÁ co que acaba de publicar o traballo discográfico O ‘Clásico Fol e do grupo de música infantil OS JALOCOS.

PUBLICACIÓNS

- Tinta de fol - 2023 // - As que dormen entre o centeo (Colaboradora) - 2023 // - 12 Valses para Gaita e Piano para Grao Elemental - 2022 - 12 Valses para Gaita e Piano para Grao Profesional- 2022

